

# OBRADOIRO DE + MEMORIA

## ACTIVIDADES Xuño

15 de Xuño de 2020

- 1- Le a seguinte lenda e responde as preguntas co que lembres sen mirar o texto.**

### ***O Marco da Capela de San Marcos de Sillobre***

Situado entre as parroquias de Regoela, en Cabanas, e Sillobre, en Fene, ambos concellos da provincia da Coruña. No século XIX construíuse unha capela no lugar que ocupaba un antigo marco que diferenciaba distintos coutos xurisdicionais e logo os concellos de Fene e Cabanas polo que a ermida era coñecida como "a capela do marco". Hai motivos para pensar que a pedra tivo con anterioridade outras funcións. Na actualidade atópase inserida no muro posterior da sancristía engadida á ermida a mediados do século XX. Ata o 1944, xunto á capela celebrábase unha feira anual o día 25 de abril, data da celebración de San Marcos, con orixe uns cen anos antes, onde as xentes levaban o gando (vacas, ovellas, porcos, cabras, cabalos.) para preservalo dos males e para que tivesen descendencia, cumprindo co ritual de dar sete voltas arredor da capela para logo levalos a beber auga á coñecida como Fonte do Santo que mana non moi lonxe, despois de cruzar o río Beelle, onde segundo a tradición apareceu unha imaxe do San Marcos no ano 1817 ao arar a terra. Mais, ao parecer, o ritual que a partires do século XIX se facía arredor da ermida xa se practicaba con anterioridade, dando as sete voltas arredor do marco que dende tempo inmemorial se chantaba no lugar. Estaríamos, unha vez mais, ante un lugar pagán cristianizado, mudando o nome de O Marco, polo que sería coñecido, polo de San Marcos.

## **BIBLIOGRAFÍA**

Texto do arqueólogo Xabier Moure Salgado. Maio de 2014

- 1. Cal é o título do texto?**
- 2. Entre que parroquias se construíu a capela?**
- 3. Que día celebrábase a feira xunto á capela até 1944?**
- 4. Para que levaban o gando?**
- 5. Segundo o ritual, cantas voltas daban arredor da igrexa?**
- 6. En que ano apareceu a imaxe de San Marcos?**
- 7. A que fonte levaban o gando para beber?**

**2- Para este exercicio precisamos algo que teñamos que clasificar, como por exemplo, os cubertos. Cando lavamos as pertenzas domésticas ou cando ordenamos a roupa despois de lavala, estamos a clasificar eses obxectos empregando a nosa atención. Moitas veces realizamos estas accións de xeito automatizado e non rexistramos os erros que cometemos. O exercicio que se propón é que nos fixemos ou repasemos algunha das clasificacións ou accións que con frecuencia facemos na casa, para coñecer os erros que poidamos ter e saber onde temos que reforzar a nosa atención.**

**3- Neste enlace hai un vídeo no que se propón un exercicio de memoria. Presentarase por uns segundos un conxunto de froitas e teremos que memorizalas, seguidamente, aparecerán as froita de novo e teremos que lembrar a que falta. No vídeo explícase o exercicio e a solución está no punto 3 de esta entrega de exercicios.**

[https://www.youtube.com/watch?v=GNwruhtOR\\_g](https://www.youtube.com/watch?v=GNwruhtOR_g)

**4- Memoria visual. Debaixo destas liñas temos representada unha obra de Fernando Botero chamada " Orquesta de músicos e baile". Observa a pintura durante 10 segundos e trata de recordar tódolos detalles que poidas para responder as seguintes cuestións.**



- 1. Cantas persoas están representadas na pintura?**
- 2. Cantos están a tocar algún instrumento?**
- 3. Que instrumento toca a única persoa da orquestra que non leva sombreiro?**
- 4. Cal é o instrumento que toca a persoa representada á esquerda do cadro?**
- 5. Que roupa leva a muller que baila?**

**5- Cálculo. Realiza as seguintes operacións aritméticas:**

a)  $950 + 420 =$

f)  $5.930 - 842 =$

b)  $521 + 1.949 =$

g)  $9.690 - 800 =$

c)  $3.022 + 192 =$

h)  $54 - 31 =$

d)  $5.995 + 1.592 =$

i)  $427 - 180 =$

e)  $1.817 + 1.889 =$

k)  $550 - 131 =$

**6- Atención. Presta atención e responde se as seguintes oracións son verdadeiras ou falsas:**

- 1. A capital de Galicia é Santiago de Compostela**
- 2. O San Xoán celébrase na primavera**
- 3. Os anos bisestos teñen lugar cada 6 anos**
- 4. O granito está constituído principalmente por cuarzo mica e feldespato**
- 5. No Reino Unido os vehículos circulan pola dereita**
- 6. A irmá do fillo do meu irmán é a miña sobriña**
- 7. Para o cambio horario, en outubro atrasamos unha hora e en marzo adiantámola.**
- 8. O 11 de outubro é o día do Pilar**

**7- Ordena os seguintes grupos de letras empregando todas e descubre a palabra que agochan:**

- 1- SEPLLLOE**
- 2- REBENXE**
- 3- ORIXEF**
- 4- ÑIFAOCU**
- 5- LARNOX**
- 6- CHORUCEN**
- 7- ASGUPARA**
- 8- DRELANPE**
- 9- GEITOARI**
  
- 10-MARCHOI**

**8- Atención. Marca nesta táboa cunha aspa os números que COMECEN POR 3**

|            |            |            |            |            |            |            |
|------------|------------|------------|------------|------------|------------|------------|
| <b>535</b> | <b>033</b> | <b>833</b> | <b>430</b> | <b>932</b> | <b>634</b> | <b>302</b> |
| <b>134</b> | <b>239</b> | <b>230</b> | <b>893</b> | <b>378</b> | <b>131</b> | <b>935</b> |
| <b>543</b> | <b>321</b> | <b>533</b> | <b>113</b> | <b>453</b> | <b>231</b> | <b>436</b> |
| <b>233</b> | <b>243</b> | <b>637</b> | <b>356</b> | <b>563</b> | <b>534</b> | <b>834</b> |
| <b>903</b> | <b>403</b> | <b>993</b> | <b>723</b> | <b>130</b> | <b>317</b> | <b>938</b> |
| <b>739</b> | <b>263</b> | <b>309</b> | <b>103</b> | <b>933</b> | <b>731</b> | <b>736</b> |

9- A continuación temos dúas columnas con palabras, a da esquerda con cantantes famosos e a segunda con títulos cancións. Une cada artista coa súa canción.

**Julio Iglesias**

**Black is black**

**Rocio Jurado**

**Tómame o déjame**

**Sergio Dalma**

**Bamboleo**

**Los Bravos**

**Me gustas mucho**

**Mocedades**

**Como una ola**

**Rocio Dúrcal**

**Bailar pegados**

10- **Sudokus. Completa os seguintes Sudokus sen repetires ningún número na mesma fila, columna ou cadrado poñendo os números que faltan do 1 ó 6.**

|   |   |   |   |   |   |
|---|---|---|---|---|---|
| 3 | 2 | 5 |   |   |   |
| 6 | 1 | 4 | 5 |   |   |
|   |   |   | 3 |   | 5 |
| 2 |   | 3 | 4 |   | 1 |
| 5 | 4 |   | 2 | 1 | 3 |
| 1 | 3 | 2 |   | 5 |   |



**Sudoku. Para resolver o seguinte, hai que seguir o mesmo método pero cos números do 1 ó 9.**

|   |   |   |   |   |   |   |   |   |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 1 |   | 5 |   |   |   | 6 | 7 |   |
|   |   |   | 6 |   | 1 |   |   |   |
| 2 |   | 3 |   | 4 | 9 | 1 |   |   |
|   | 1 |   |   | 7 | 2 |   |   |   |
| 5 |   | 7 |   |   |   | 9 |   | 4 |
|   |   |   | 3 | 9 |   |   | 1 |   |
|   |   | 1 | 9 | 2 |   | 7 |   | 5 |
|   |   |   | 4 |   | 5 |   |   |   |
|   | 5 | 6 |   |   |   | 2 |   | 1 |

## SOLUCIÓNS

1

1. O marco da capela de San Marcos de Sillobre
2. Regoela (Cabanas)e Sillobre (Fene)
3. O 25 de abril, día de San Marcos
4. Para preservalo dos males e para que tivese descendencia
5. 7
6. 1817
7. A Fonte do Santo

3 A pera

4

1. 9
2. 7
3. Guitarra
4. Violonchelo
5. Vestido e zapatos de tacón

5

- |          |         |
|----------|---------|
| a) 1.370 | f)5.088 |
| b) 2.470 | g)8.890 |
| c) 3.214 | h)23    |
| d) 7.587 | i)247   |
| e) 3.706 | k)419   |

6

1. Verdadeiro
2. Falso. O verán empeza o 20 de xuño e San Xoán é o 24 de xuño
3. Falso. Ten lugar cada 4 anos. O 2020 é bisesto e o próximo será o 2024
4. Verdadeiro
5. Falso. Pola esquerda
6. Verdadeiro
7. Verdadeiro
8. Falso. O 12 de outubro


7

- 1) ESPELLO
- 2) ENXEBRE
- 3) FREIXÓ
- 4) FOUCIÑA
- 5) XORNAL
- 6) RECUNCHO
- 7) PARAUGAS
- 8) ALPENDRE
- 9) GAITEIRO
- 10) CHORIMA

8

|  |       |       |       |       |       |       |
|--|-------|-------|-------|-------|-------|-------|
|  |       |       |       |       |       | 302 X |
|  |       |       |       | 318 X |       |       |
|  | 311 X |       |       |       |       |       |
|  |       |       | 356 X |       |       |       |
|  |       |       |       |       | 317 X |       |
|  |       | 309 X |       |       |       |       |

9



|          |          |          |          |          |          |
|----------|----------|----------|----------|----------|----------|
| <b>3</b> | <b>2</b> | <b>5</b> | <b>1</b> | <b>4</b> | <b>6</b> |
| <b>6</b> | <b>1</b> | <b>4</b> | <b>5</b> | <b>3</b> | <b>2</b> |
| <b>4</b> | <b>6</b> | <b>1</b> | <b>3</b> | <b>2</b> | <b>5</b> |
| <b>2</b> | <b>5</b> | <b>3</b> | <b>4</b> | <b>6</b> | <b>1</b> |
| <b>5</b> | <b>4</b> | <b>6</b> | <b>6</b> | <b>1</b> | <b>3</b> |
| <b>1</b> | <b>3</b> | <b>2</b> | <b>2</b> | <b>5</b> | <b>4</b> |

|   |   |   |   |   |   |   |   |   |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 1 | 4 | 5 | 2 | 8 | 3 | 6 | 7 | 9 |
| 8 | 7 | 9 | 6 | 5 | 1 | 4 | 3 | 2 |
| 2 | 6 | 3 | 7 | 4 | 9 | 1 | 5 | 8 |
| 9 | 1 | 4 | 5 | 7 | 2 | 8 | 6 | 3 |
| 5 | 3 | 7 | 1 | 6 | 8 | 9 | 2 | 4 |
| 6 | 2 | 8 | 3 | 9 | 4 | 5 | 1 | 7 |
| 3 | 8 | 1 | 9 | 2 | 6 | 7 | 4 | 5 |
| 7 | 9 | 2 | 4 | 1 | 5 | 3 | 8 | 6 |
| 4 | 5 | 6 | 8 | 3 | 7 | 2 | 9 | 1 |